

Anda o tempo revolto.

Agardando un chubasco.

Era primavera, e por primeira vez en moito tempo, a chuva golpeaba o tellado de pedra con forza, con ritmo, coma quen quere anunciar algo grande. Martiño, xa de cabelos brancos e ollada fonda, sentía que aquela chuva era distinta: organizada, clara, decidida.

No interior do mosteiro un novo rostro: Elena, a filla de Iago, ergueu a batuta coma quen chama ao vento.

—Benvidos ao Clasicismo, mestre Martiño —dixo ela cun sorriso—. Aquí a música xa non é só paixón ou rezo: é arquitectura sonora. A orquestra é o novo templo.

E comezou a soar unha sinfonía coma unha chuva forte que cae con orde. Cada instrumento tiña o seu lugar.

Martiño escoitaba e vía: todo tiña forma, proporción, estrutura. Non había excesos nin adornos barrocos: había claridade, equilibrio, diálogo musical. Os movementos da sinfonía eran como capítulos dunha historia maior, con temas que se repetían, se transformaban, e regresaban.

No Clasicismo —explicou Elena entre movemento e movemento—, a orquestra convértese nun corpo único: cada músico, unha pinga; todos xuntos, unha chuvia de beleza.

Martiño deixouse levar. A chuva batía con forza no exterior, pero dentro daquela igrexa de pedra e son, todo era equilibrio e emoción medida. Sentía que a súa vida tamén tivera esa forma: introdución, desenvolvemento, cadencia final.

Cando a música rematou, só quedou o eco e a chuva.



“Agardando un chubasco”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)